

Instrucción para facer o programa de debuxar o cadrado:

Antes de empezar coas instruccións pensemos en coma nos debuxamos un cadrado na realidade:

- Collemos o lapis
- trazamos unha liña recta
- xiramos o lapis para que a seguinte liña forme un ángulo de 90° (1 lado)
- debuxamos unha liña recta
- xiramos o lapis 90° (2 lados)
- debuxamos unha liña recta
- xiramos o lapis 90° (3 lados)
- debuxamos unha liña recta
- xiramos o lapis 90° (4 lados)

É dicir repetimos catro veces dúas ordes polo que poderíamos escribir:

repetir 4 (debuxamos unha liña recta, xiramos o lapis 90°)

Iso é o que se vai facer basicamente neste programa, engadindolles orde para que o ordenador sepa debuxar:

1. Elimina o obxecto que teñas na pantalla: boton dereito sobre o mesmo e eliminar, ou busca as tixeiras na parte superior do escenario e cortas a figura.
2. Creamos unha figura invisible premendo en novo obxecto: debuxar e non debuxamos nada (tes un obxecto que non ten nada é invisible).
3. Escollemos a tecla de control que nos mandan: Premendo a tecla espazo.
4. Escollemos a orde borrar (no bloque de lapis, verde oscuros)
5. Fixamos cor de lapis e esolleemos a posición inicial para empezar a debuxar o cadrado (ir a x: Y:)
6. Baixamos lapis
7. Orde repetir 4 e dentro: mover 100 pasos, xirar 90 (escolle se queres xirar para esquerda ou dereita)
8. Subir lapis

Posible solución: Recorda que pode haber diferentes solucións e poden ser correctas todas. Está é unha de varias:

